



As empresas dos polígonos de San Cibrao e Pereiro de Aguiar poden navegar a velocidades de ata 1 Xigabit coa nova tecnoloxía de fibra despregada por R

- *O cambio de tecnoloxía na rede de R nestas dúas áreas industriais ourensás beneficia a máis de 600 empresas que poden navegar xa con maior rapidez, seguridade e estabilidade*
- *Este despregamento enmárcase dentro dos plans anuais da compañía galega para mellorar a calidade e potencia da súa rede e ofrecerlles, así, aos seus/súas clientes/as, os servizos máis avanzados*
- *Con esta iniciativa, desenvolvida nos últimos meses de 2020, R dálles resposta ás crecentes necesidades do tecido empresarial nunha das principais áreas industriais da provincia de Ourense*

Venres, 26 de febreiro de 2021.- Máis de **600 empresas** instaladas nos polígonos industriais de Pereiro de Aguiar e San Cibrao das Viñas (Ourense), poden beneficiarse xa das melloras implantadas nos últimos meses pola operadora galega grazas ao despregamento dunha nova tecnoloxía de fibra óptica, que ofrece maior rapidez e seguridade.

O desenvolvemento desta nova tecnoloxía permítelles ás empresas acadar a velocidade de ata un Xigabit simétrico por segundo e ter así accesos moito máis áxiles, estables e homoxéneos.

Apoio ás áreas industriais galegas

Estes traballos de rede teñen suposto un investimento global de 0,2 millóns de euros e enmárcanse dentro dos plans anuais de R para optimizar e mellorar a calidade e potencia da súa rede de fibra, de cara a ofrecer os servizos máis avanzados, en maior medida, se cabe, para as empresas galegas.

Así, a aposta da operadora galega por este desenvolvemento reflíctese igualmente noutras zonas industriais da comunidade, un eixe de actuación que ten permitido ofrecer unha mellora destacada de servizo nun total de

24 polígonos empresariais de Galicia, que aglutinan preto de 9.000 empresas, un 7,2% ubicadas nestes dous polígonos ourensáns.

Trátase, en definitiva, dun intenso traballo global desenvolvida por **R** nos últimos anos para mellorar a cobertura dos seus servizos en Galicia. E agora, con esta nova tecnoloxía para as áreas industriais, **R** segue amosando o seu esforzo permanente por estar a carón das empresas da comunidade. A este obxectivo prioritario ténselle dado un maior pulo nos últimos meses no marco dunha situación tan extraordinaria coma a da pandemia, que ten multiplicado de xeito significativo o uso das telecomunicacións nos fogares e nas empresas a todos os niveis.

comunicación R
prensa@mundo-r.net
R.gal